

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS “ASPANEPS” PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN E ENLACE PARA A PROMOCIÓN, TRATAMENTO E REHABILITACIÓN EN SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL NA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRADA DE FERROL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa asociación ASPANEPS o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2018.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- a realización por parte da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais “ASPANEPS” do programa denominado “Atención e enlace para a promoción, o tratamento e a rehabilitación en saúde mental infanto xuvenil”. No desenvolvemento deste programa, a asociación atenderá toda a demanda neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma Galega e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

- Que na área de saúde de Ferrol se precisa unha atención especial a este sector específico, sendo “ASPANEPS” unha entidade que vén dando resposta, sen interrupción no tempo, a esta necesidade na medida das súas posibilidades.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

